

Completa o texto de Hume

Investigación sobre os principios da moral

Instruccións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

Exercicio

Lista de palabras (14)

“facer, defendendo, afectación, desprezo, teiman, argumentos, falsidade, principios, agudeza, sólidos, insinceros, creen, humanidade, excepción”

As disputas con homes que _____ en manter os seus _____ a toda costa son as máis molestas de todas, talvez coa _____ daquelas que se teñen con individuos enteiramente _____ que en realidade non _____ nas opinións que están _____, e que se engarzan na controversia por _____, por espírito de contradición e polo desexo de dar mostras de posuír unha _____ e un enxeño superiores aos do resto da _____. De ambos tipos de persoas debe esperarse a mesma adherencia aos seus argumentos, o mesmo _____ polos seus antagonistas e a mesma apaixonada vehemencia no seu empeño por _____ que imperen a sofistería e a _____. E como o razoamento non é a fonte de onde ningún destes dous tipos de disputantes saca os seus _____, é inútil esperar que algunha vez cheguen a adoptar principios máis _____ guiándose por unha lóxica que non lle fale os seus afectos.

Solución

As disputas con homes que **[teiman]** en manter os seus **[principios]** a toda costa son as máis molestas de todas, talvez coa **[excepción]** daquelas que se teñen con individuos enteiramente **[insinceros]** que en realidade non **[creen]** nas opinións que están **[defendendo]**, e que se engarzan na controversia por **[afectación]**, por espírito de contradición e polo desexo de dar mostras de posuír unha **[agudeza]** e un enxeño superiores aos do resto da **[humanidade]**. De ambos tipos de persoas debe esperarse a mesma adherencia aos seus argumentos, o mesmo **[desprezo]** polos seus antagonistas e a mesma apaixonada vehemencia no seu empeño por **[facen]** que imperen a sofistería e a **[falsidade]**. E como o razoamento non é a fonte de onde ningún destes dous tipos de disputantes saca os seus **[argumentos]**, é inútil esperar que algunha vez cheguen a adoptar principios máis **[sólidos]** guiándose por unha lóxica que non lle fale os seus afectos.